

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 10**

**REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS NO CONSERVATORIO DE DANZA**

(BOP número 296, do 28 de decembro de 1998)  
(BOP número 286, do 15 de decembro de 1999)  
(BOP número 285, do 14 de decembro de 2000)  
(BOP número 283, do 12 de decembro de 2001)  
(BOP número 284, do 12 de decembro de 2002)  
(BOP número 67, do 23 de marzo de 2004)  
(BOP número 288, do 16 de decembro de 2004)  
(BOP número 285, do 15 de decembro de 2005)  
(BOP número 286, do 15 de decembro de 2006)  
(BOP número 73, do 21 de abril de 2010)  
(BOP número 236, de 14 de decembro de 2011)  
(BOP número 237, de 13 de decembro de 2012)  
(BOP número 238, de 16 de decembro de 2013)  
(BOP número 227, de 28 de novembro de 2018)

**Artigo 1.- Concepto.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto no artigo 132 en relación co artigo 20 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, a Deputación Provincial da Coruña establece a taxa por servizos no Conservatorio de Danza, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

**Artigo 2.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación de servizos polo Conservatorio de Danza.

**Artigo 3.- Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

**Artigo 4.- Beneficios fiscais.**

Nas taxas correspondentes aos servizos no Conservatorio de Danza establécese un réxime de exención do 100 por cento aos membros das familias numerosas clasificadas na categoría especial e unha bonificación do 50 por cento para os de

categoría xeral. Estes beneficios fiscais deberaos solicitar expresamente o suxeito pasivo perante a Deputación provincial no momento de presentación da matrícula do Conservatorio de Danza. Para estes efectos deberá acompañarse a documentación xustificativa da súa condición de membro de familia numerosa e da categoría na que se clasifique, na correspondente data de devengo.

Procederá a exención ou bonificación cando se teña a condición de beneficiario de familia numerosa ao comezo do curso académico ou escolar en que haxa de aplicarse. Se en tal data o título está en tramitación, poderán obterse os referidos beneficios acreditando a presentación da solicitude de recoñecemento ou renovación, así como unha declaración xurada da categoría en que a familia numerosa queda clasificada. Se antes do 31 de decembro do ano corrente non se presenta a xustificación do título, anularanse automaticamente os beneficios concedidos e procederá o abono do seu importe. Cando o título concedido fose de inferior categoría á declarada, deberase aboar a diferenza que corresponda.

A perda da condición de membro de familia numerosa e o cambio de categoría durante o curso académico non alterará o disfrute e contía do beneficio ata a terminación deste.

#### **Artigo 5.- Devengo.**

A taxa devéngase cando se inicie a prestación do servizo ou da actividade, con periodicidade mensual. Non obstante o anterior, no caso da matrícula do Conservatorio de Danza devéngase a taxa cando se presente a solicitude desta.

#### **Artigo 6.- Bases de imposición e tipos de gravame.**

As Bases de imposición e os tipos de gravame son os recollidos na seguinte tarifa:

- 1.- Matrícula anual, cada alumno, 42,05 €
- 2.- Cota mensual de ensino, calquera que sexa a súa natureza e a súa duración diaria; cada alumno, 25,25 €

Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deban realizar os impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

#### **Artigo 7.- Liquidación, recadación e xestión.**

1.- A liquidación das tarifas estarán a cargo da Sección de Recursos Propios, quen recibirá previamente no seu caso toda a información e documentación necesaria da Sección de Cultura.

2.- O pagamento da matrícula anual realizarase polo procedemento de declaración-liquidación. O modelo de declaración-liquidación será aprobado polo Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación provincial. Sen o xustificante de ingreso da declaración-liquidación non se poderá cursar a matrícula no Conservatorio de

Danza. Cando o alumno realice a correspondente matrícula anual deberá estar ó corrente de débitos de cursos anteriores.

3.- A cota mensual de ensinanza é obrigatoria desde o día primeiro de cada mes, ou aquel en que teña lugar a reincorporación ou alta como consecuencia da baixa previamente comunicada, debendo satisfacerse no domicilio bancario sinalado polo interesado, na correspondente declaración-liquidación de matrícula anual, á presentación dos recibos.

4.- A cota mensual non é fraccionable. As baixas definitivas na prestación de Servizos polo Conservatorio de Danza (cota mensual de ensino) comunicaranse por escrito á Deputación provincial da Coruña. As baixas producirán efectos económicos a partir do mes seguinte ao que se presente a solicitude de baixa nesta administración.

### **Artigo 8.- Remisión á ordenanza fiscal xeral.**

En todo o non especialmente previsto nesta ordenanza, estarase ó disposto na ordenanza fiscal xeral.

**Disposición final.-** A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o 1 de xaneiro de 1999, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**Dilixencia.-** A precedente ordenanza aprobouse no Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña o día 23 de decembro de 1998.

- 
- Por acordo plenario celebrado o día 29 de outubro de 1999 (BOP núm. 286 con data do 15 de decembro de 1999) modificouse o artigo 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2000.
  - Por acordo plenario celebrado o día 27 de outubro de 2000 (BOP núm. 285 con data do 14 de decembro de 2000) modificouse o art.6 . Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2001.
  - Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2001 (BOP núm. 283 con data do 12 de decembro de 2001) modificouse o art. 6. Estas modificacións entran en vigor o 1 de xaneiro de 2002.
  - Por acordo plenario celebrado o día 25 de outubro de 2002 (BOP núm. 284 con data do 12 de decembro de 2002) foi modificado o art. 6. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2003.
  - Por acordo plenario celebrado o día 30 de xaneiro de 2004 (BOP núm. 67 con data do 23 de marzo de 2004) foron modificados os artigos 4 e 6. Esta modificación entra en vigor para o curso escolar 2004/2005.
  - Por acordo plenario celebrado o día 28 de outubro de 2004 (BOP núm. 288 con data do 16 de decembro de 2004) foron modificados os artigos 1, 3 e 6. Esta modificación entra en vigor para o curso escolar 2005/2006.

## ORDENANZA FISCAL N.º 10

- Por acordo plenario celebrado o día 27 de outubro de 2005 (BOP núm. 285 con data do 15 de decembro de 2005) foi modificado o art. 6. Esta modificación entra en vigor para o curso escolar 2006/2007.
- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2006 (BOP núm. 286 con data do 15 de decembro de 2006) foi modificado o artigo 6. Esta modificación entra en vigor para o curso escolar 2007/2008.
- Por acordo plenario celebrado o día 26 de febreiro de 2010 (BOP núm. 73 con data do 21 de abril de 2010) foi modificado o artigo 4. Esta modificación entra en vigor para o curso escolar 2010/2011.
- Por acordo plenario celebrado o día 28 de outubro de 2011 (BOP núm. 236 con data do 14 de decembro de 2011) foi modificado o artigo 6. Esta modificación entra en vigor para o curso escolar 2012/2013.
- Por acordo plenario celebrado o día 26 de outubro de 2012 (BOP núm. 237 con data do 13 de decembro de 2012) foi modificado o artigo 6. Esta modificación entra en vigor para o curso escolar 2013/2014.
- Por acordo plenario celebrado o día 25 de outubro de 2013 (BOP núm. 238 con data do 16 de decembro de 2013) foi modificado o artigo 6. Esta modificación entra en vigor para o curso escolar 2014/2015.
- Por acordo plenario celebrado o día 28 de setembro de 2018 (BOP núm. 227 con data do 28 de novembro de 2018) foi modificado o apartado 4 do artigo 7. Esta modificación entra en vigor o 1 de xaneiro de 2019.